

Ola a todos e todas!

Son Patricia, quérovos falar do instituto e da miña experiencia. Eu, ao principio de todo, tiña moita vergonza pero cando collín confianza ao final acabei tendo cariño a todo. O que vos quero dicir con isto é que sexades vós mesmos, que non vos importe a opinión dos outros. Ademais, eu tamén pensaba que os maiores ían meterse comigo, pero non foi así. Non

lles importan os pequenos. Respéctannos. É certo que ao principio ides estar un pouco asustados e vergonzosos, pero logo acabas collendo cariño aos profesores, ás materias, ás clases e aos compañeiros e compañeiras; é un cariño esencial.

É verdade que si nos separan dalgún compañeiro ou compañeira pero coñeces novas persoas e pásalo moi ben.

Si que hai cousas nas que se vai notar a diferenza, por exemplo: o cambio de hora para erguerse, os amigos, pero só ás veces, o recreo e cousas así. Pero ao final váisevos facer moi especial.

A min pasoume, que ao principio, quería volver ao colexio, pero agora, sen pensalo, viría ao instituto.

Respecto ao trato dos profesores e profesoras, ao final sempre lles acabas collendo moito, moito cariño ou polo menos eu.

Ides acabar colléndolle un cariño especial, esencial e moi bonito ao instituto.

Moito ánimo, Patricia.